

Presentouse na cidade herculina a primeira antoloxía do Premio Nobel que recolle artigos, ensaios e conferencias sobre Galicia entre 1940 e 2001

**CELA DEFINE Á CORUÑA COMO “CIUDAD SIN MISTERIO PERO CON ENCANTO” NO SEU LIBRO *RETORNO A IRIA FLAVIA***



Olivia Rodríguez, Henrique Alvarellos e Pablo González Mariñas, no acto de presentación

- O libro abarca sesenta anos de produción literaria e entre os documentos rescatados figuran varias cartas entre Cela e os galeguistas dos anos cincuenta (Paco del Riego, Celso Emilio Ferreiro, Otero Pedrayo e Vicente Risco), unha delas, inédita.
- A profesora de Teoría da Literatura da Universidade da Coruña, Olivia Rodríguez González, é a responsable do limiar e da escolma dos textos.
- Á parte dos escritos (moitos deles, esquecidos ou moi pouco coñecidos) inclúense fotografías (algunha, inédita) e manuscritos.
- *Retorno a Iria Flavia* presentouse o xoves 1 de febreiro na Fundación Caixa Galicia da Coruña, nun acto no que participaron a profesora Olivia Rodríguez, o deputado do BNG Pablo González Mariñas e o editor Henrique Alvarellos.



Alvarellos Editora vén de publicar un novo volume da súa Colección Rescate: trátase da primeira antoloxía da obra breve máis galega do Premio Nobel Camilo José Cela, o libro *Retorno a Iria Flavia (Obra dispersa y olvidada, 1940-2001)*. Medio cento de traballos –artigos, ensaios, epistolarios– nos que Galicia é, ao longo de sesenta anos de produción artística, o cerne da súa creación e reflexión.

A obra presentouse o xoves 1 de febreiro na Fundación Caixa Galicia da Coruña (Cantón Grande), nun acto no que participaron a profesora de Teoría da Literatura da Universidade da Coruña e responsable da introdución, estudo e escolma dos textos, Olivia Rodríguez González; o deputado nacionalista Pablo González Mariñas, admirador da obra de Cela, e o editor Henrique Alvarellos Casas.

Varios dos escritos rescatados neste volume teñen á cidade da Coruña ou á súa provincia como protagonistas.

En 1952 escribía Cela:

“La Coruña es una ciudad alegre, abierta y decidora; una ciudad sin misterio, pero con encanto...” (Páx 233).

“En la playa del Parrote, camino del antiguo hospital, saltan, como delfines, los niños de la mar, los niños de la carne con sabor a sardinas y olor a algas”. (Páx. 234).

“En la playa del Orzán, todos los años se ahogan dos o tres forasteros. Antes había un letrero que decía: ‘Prohibido bañarse a los forasteros’. Los forasteros, al leer el cartel, lo tomaban a mal y se bañaban” (Páx. 235).

E no ano 1950:

“Vagando por las inciertas, por las entrañables, por las familiares calles de La Coruña, el escritor sentía que una brisa le oreaba los sesos de la cabeza y que otra brisa le acunaba los pulsos del corazón”. (Páx. 107)

En *Retorno a Iria Flavia* tamén se recollen fotografías inéditas ou pouco coñecidas da continuada e intensa relación do Premio Nobel coa cidade, como a do seu discurso na homenaxe ao xornalista Álvarez Solís, pai, en 1949; ou, da mesma época, o xantar trala conferencia no Circo de Artesanos. Tamén aparece a entrega da placa orixinal da célebre Rúa do Papagaio, por parte do alcalde Xosé Manuel Liaño, en 1979, placa que hoxe se conserva na Fundación CJC de Iria Flavia.

## O RETORNO

En *Retorno a Iria Flavia* aparecen reunidos por vez primeira nun libro dende o seu primeiro artigo, escrito en 1940 e dedicado a Emilia Pardo Bazán, até as derradeiras columnas publicadas no diario *ABC* pouco antes do seu pasamento. Algúns destes artigos nunca foron publicados en libro até agora. Cela rinde tributo a Rosalía de Castro, Noriega Varela, Isaac Díaz Pardo, Valle-Inclán, Celso Emilio Ferreiro, Manuel Luís Acuña o Gonzalo Torrente Ballester.

Engádense a estes traballos catro documentos –un deles inédito– da correspondencia mantida con senlleiros representantes da actividade política e cultural nacionalista



# alvarellos

EDITORA

galega de preguerra, algúns dos que traballaban na súa reactivación nos anos 50: Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco, Francisco Fernández del Riego e Celso Emilio Ferreiro.

Ademais, *Retorno a Iria Flavia* recolle o longo ensaio de 1953 sobre a alma galega e a morriña, e os discursos de ingreso na Real Academia Galega e na RAG das Ciencias, entre outros textos.

Como colofón, reproducense varios manuscritos e unha galería gráfica con fotos pouco divulgadas e varias inéditas.

[Máis información en [www.alvarellos.info](http://www.alvarellos.info)]



Rúa das Arribadas 7, 1ºC  
15706 Santiago (GALICIA)  
[www.alvarellos.info](http://www.alvarellos.info)  
Tel: 609 90 88 52